

**COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA
UNIVERSIDADE DE VIGO
ACTA Nº3-PERÍODO TERCEIRO**

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe de Servizo de PAS

José Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José M Sónora Abeijón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

Os membros da Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 18 de marzo de 2021, na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 4 de febreiro de 2021.
2. Nova proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.
3. Rolda de intervencións.

1. **Aprobación, se procede, da acta da reunión do 4 de febreiro de 2021.**

A Xerenta di que logo de non ter recibido alegacións á acta anterior, queda aprobada por asentimento.

2. **Nova proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.**

A Xerenta comeza a reunión dicindo que, logo de que a xerencia presentara unha primeira proposta e se recibira unha contraproposta da parte sindical, preséntase nesta reunión unha nova proposta. En relación á composición da comisión de funcionarización, aclara que todos os seus integrantes deberán pertencer ao Grupo A1, non só posuír a titulación esixida, para non contravir ao Artigo 59 da Lei de emprego público. Por outra banda, aclara tamén que o artigo 9.2 b) da proposta, debería poñer “O persoal laboral fixo que acceda á condición de funcionario desde situación distinta á de servizo activo manterase nesa situación administrativa ou na que lle corresponda como funcionario”.

O Vicexerente de RRHH fai un resumo das partes da proposta sindical que foron aceptadas e que se reflicten na proposta achegada pola xerencia.

O presidente do CEPO agradece as aclaracións e avances na negociación pero pide tamén que se aclaren algunhas cuestións. En concreto pregunta polo sistema selectivo que segundo aparece é o concurso oposición.

A xerenta responde que se puxo ese sistema por seguridade xurídica para non apartarse das esixencias da Lei de Emprego Público e do Estatuto Básico do Empregado Público. Quere deixar claro que, aínda que se tratará ese tema cando se negocien as convocatorias, para participar no proceso específico de acceso ao grupo A2 por mor da DA9ª, debe posuír a titulación requirida no EBEP e Lei de emprego público de Galicia. O persoal que non dispoña desta titulación pero si dispoña dun Ciclo Superior de FP participará nese proceso específico igualmente pero quedará integrado no grupo C1 percibindo un complemento persoal transitorio pola diferenza como A2

O presidente do CEPO pide facer unha mellor redacción dese apartado do acordo xa que, ao seu xuízo, non está moi claro.


A xerenta responde que envíen os comités unha redacción segundo consideren para poder estudala e negociala.

O presidente do CEPO fai referencia aos dereitos sociais dos traballadores xa que o consideran pilar importante do acordo, non en vano enviaron a súa proposta en dúas partes enumerando todos os dereitos que lles corresponden. Pregunta se a redacción do artigo 14 da proposta vai garantir eses dereitos expostos ou podería ter outra redacción máis garantista.


A xerenta responde que algúns dos dereitos expostos na proposta sindical xa están superados pola lexislación actual. Di que a xerencia se compromete a que unha vez asinado o acordo de funcionarización, se manterá a vixencia de todo o que estaba vixente ata unha nova regulación. Considera que con esta redacción xenérica no acordo de funcionarización é suficiente.

O presidente do CEPO di por último que na súa proposta fixeron unha equivalencia onde todos os postos están adscritos a dous grupos tal e como aparece na RPT de funcionarios. Pide que, por coherencia, sexa igual nun colectivo e no outro.

A xerenta responde que esa cuestión se negociará e aclarará na RPT.



PÁGINA 2 | 3



Xosé Manuel García Eirín di que no artigo 13 da proposta, valoración dos servizos prestados, non está reflectido para o persoal que se funcionarice a posibilidade de eximir de dous anos como funcionario de carreira no caso de que se presente a unha promoción interna.

A xerenta responde que a intención da xerencia é que o tempo desenvolvido como persoal laboral sexa valorado. Tentarase dar unha mellor redacción ao artigo para que quede claro que, a efectos de participación nos procesos de promoción interna, se computará o tempo desenvolvido como persoal laboral e non só dende que adquirira a condición de funcionario de carreira.

Xosé Manuel García Eirín pregunta porque se cambia a denominación da praza de Xestor de actividades culturais xa que ao seu xuízo non xera ningún problema que siga tendo a mesma denominación.

A xerenta responde que por coherencia co resto da denominación dos postos de técnico medio. Non atopa moito sentido a crear unha escala para denominala "xestor".


Rodrigo Alverte Pivida considera oportuno que se manteñan as diferencias salariais e as responsabilidades en base ao acordo de pluses de responsabilidade asinado. En canto á praza de xestor pensan é máis oportuno que sexa nivel 22.

Carlos Mollinedo di que lle parece que dende a xerencia se deben replantexar dun xeito máis exhaustivo os dereitos do persoal, que foron entregados dende a parte social en documento separado. Di que todos os dereitos adquiridos polo persoal cun compromiso do Consello de Goberno, volvan a quedar reflectidos neste documento, xa que ao seu parecer, non todo é a parte económica.

A xerenta repite que segundo está redactado o artigo 14 contéplase perfectamente a posibilidade de manter todo o habido ata o de agora, en calquera caso solicita que se envíe a contraproposta para poder estudala.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 11:55h

A Xerenta




Raquel M. Souto
García

O Presidente do
CEPO




Marcos Estévez Orge

Representante CEO



Rodrigo Alberte Pivida

O Presidente Xunta
PAS F



Xoán M. Cebro
Rodríguez

